



**Resolución do 13 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan os Premios a Proxectos de Formación Permanente do Profesorado 2017 dirixidos aos centros docentes que participan nos plans de formación permanente do profesorado implantados en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso escolar 2017/18.**

A mellora da calidade da educación constitúe unha meta irrenunciable dos sistemas educativos e un dos seus piares básicos, entroncado coa salvagarda dun ensino que garanta a igualdade de oportunidades e a capacitación do alumnado coas competencias e o coñecemento necesarios para o seu pleno desenvolvemento na sociedade actual.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) destaca entre os factores que favorecen a calidade do ensino, e aos que se lles prestará unha atención prioritaria, a cualificación e formación do profesorado, a investigación, a experimentación e a renovación educativa. No artigo 102 recoñece a formación do profesorado como un derecho e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

Por outra banda, o artigo 120 establece que os centros educativos teñen que dispor da necesaria autonomía pedagóxica, de organización e de xestión para favorecer a mellora continua na educación, e que as administracións educativas terán que favorecer a autonomía dos centros de xeito que os seus recursos económicos, materiais e humanos se poidan adecuar aos plans de traballo e organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.

Nesta liña, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria emprendeu, mediante o Decreto 74/2011, un profundo cambio nas estruturas da formación permanente do profesorado que permitan unha maior eficiencia e efectividade no desenvolvemento do talento e as competencias do profesorado, peza clave do sistema. Así, cómpre salientar que o centro educativo constitúe a unidade básica e célula do sistema para o impulso dunha formación



permanente que recolla tanto as demandas individuais do profesorado como as necesidades formativas dos centros e do propio sistema. A finalidade última é mellorar as competencias profesionais do profesorado, necesarias para responder aos retos educativos actuais, impulsando a súa aplicación e desenvolvemento na aula, buscando a excelencia educativa e a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares do alumnado.

Dende o curso 2012/13, a través da Resolución do 22 de maio de 2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocaba a selección de plans de formación permanente do profesorado no curso 2012-2013, implantáronse nos centros docentes galegos plans específicos de formación permanente que, partindo dunha avaliación das necesidades do centro, permiten deseñar accións formativas destinadas á actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais do profesorado para a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares.

Neste contexto, o obxectivo da convocatoria destes premios é valorar a participación de grupos de docentes en proxectos de formación en centros que afecten cualitativamente ao ámbito organizativo e/ou de xestión dos centros, á contorna familiar e institucional ou á elaboración e uso de recursos multimedia interactivos, que promovan novas formas de pensar, novas formas de traballar e novas ferramentas de traballo.

En definitiva, preténdese dar recoñecemento ás boas prácticas na formación permanente do profesorado e fomentar que os centros docentes desenvolvan, a través destes plans, aqueles aspectos que permitan a actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais do profesorado para a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares.

Polos motivos anteriormente expostos, esta Dirección Xeral dispón:

#### **Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación**

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases de participación e convocar os Premios a Proxectos de Formación Permanente do Profesorado 2017/18 para os centros docentes

públicos que contén cun Plan de Formación Permanente do Profesorado en curso. A execución dos beneficios económicos correspondentes ao premio queda ligada á continuidade do Plan de Formación Permanente no curso 2018-2019 ou ben á solicitude e execución dun novo Plan.

Os proxectos estarán baseados na análise e detección das necesidades educativas do centro e propoñerán estratexias de mellora da calidade. Deben tender ao establecemento de propostas de carácter didáctico e metodolóxico por medio do traballo colaborativo e adaptado a cada contexto, xunto ao liderado e participación dos órganos de coordinación.

#### ***Segundo. Categorías de premio***

Establécense dúas categorías de premio:

1. Categoría A: mellor proxecto de formación de cada CFR/CAFI. Concederanse un total de 7 premios, un por cada CFR/CAFI.
2. Mención especial: Mellor proxecto de formación de entre os premiados na categoría A.

#### ***Terceiro. Lugar e prazo para a presentación das candidaturas***

O Anexo I e o proxecto deberán entregarse no rexistro do CAFI/CFR correspondente.

O prazo de presentación de candidaturas comeza o día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo (<http://www.edu.xunta.es/portal/>) e remata o día 10 de xullo de 2018.

#### ***Cuarto. Requisitos e modo de presentación dos proxectos***

Deberase cubrir a solicitude de participación segundo o Anexo I.

Ademais presentarase o proxecto en soporte informático, que deberá ser compatible e executable cos diferentes sistemas operativos presentes no sistema educativo galego. Só se admitirán aqueles que non dependan de sistemas nin versións propietarias que precisen abonar un canon ou licenza de uso. Os materiais do tipo multimedia incluirán todos os arquivos e aplicacións servidoras necesarias para a correcta execución da súa interactividade.

Ocupará un máximo de 8000 palabras.



O documento deberá incluir fotografías e gráficos que sirvan para ilustrar, argumentar ou poñer en evidencia os aspectos más destacables da candidatura. Comprenderá as seguintes seccións:

1. Portada.
2. Índice de contidos.
3. Datos de identificación da candidatura:

- Título do proxecto.
- Código e nome do centro docente.
- Enderezo postal completo.
- Teléfonos, correo electrónico e fax.
- Coordinador/a do proxecto.

4. Xustificación de partida do proxecto realizado. Neste apartado recolleranse os seguintes aspectos:

- Detección das necesidades educativas do centro, obxectivos establecidos, recursos utilizados, grao de cumprimento dos obxectivos, temporalización e medidas de visibilidade ou difusión levadas a cabo.
- Implicación da comunidade educativa e da contorna do centro no proxecto: do profesorado, do alumnado, das familias, e, no seu caso, doutro persoal e instancias externas ao centro (institucións e entidades colaboradoras) que participaron na súa planificación e desenvolvemento.

5. Descripción, no seu caso, da evolución dos resultados da aplicación do proxecto, e valoración para a mellora da acción educativa.

6. Sistema de avaliación dos resultados acadados.

7. Medidas de actuación para o futuro como consecuencia do traballo realizado.

8. Calquera outra información que se considere necesaria.



### **Quinto. Comisión de selección**

A comisión de selección estará formada por:

- Presidencia: subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
  - Subdirectora xeral de Inspección Educativa ou persoa en quen delegue.
  - Xefa do Servizo de Formación do Profesorado.
  - Director do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).
  - 1 Director/a dos Centros de Formación e Recursos (CFR).
  - Unha persoa asesora de Formación do profesorado, que actuará como secretario/a.

Esta comisión poderá contar co asesoramento de persoas responsables de plans de formación en centros.

### **Sexto. Criterios de valoración**

A comisión de valoración realizará unha prelación entre os proxectos presentados, de acordo cos seguintes criterios de valoración e porcentaxes:

- Contido innovador e transferibilidade do proxecto, en especial na metodoloxía, a estrutura organizativa e recursos tecnolóxicos utilizados (15 %).
- Perspectiva de traballo en equipo, multidisciplinar e baseada en enfoque de traballo por proxectos e metodoloxías afins ( 10%).
- Grao de implicación da comunidade educativa: profesorado, alumnado e/ou outras entidades (15 %).
- Desenvolvemento de competencias profesionais docentes segundo o Anexo II (25 %).
- Existencia dun sistema de avaliación minucioso relativo á implantación e desenvolvemento do proxecto, así como ao nivel de logro acadado no



desenvolvemento do proxecto, con indicadores que permitan a comprobación da mellora na aula/centro ( 25 %).

- Recursos aportados á comunidade educativa ( 10 %).

#### **Sétimo. Importe e asignación dos premios**

O importe total dos premios será de 15.000€ repartidos do seguinte xeito.

- Categoría A: Asignación extraordinaria de 2000€ sobre o concedido con carácter xeral para o desenvolvemento do PFPP no curso 2018-2019
- Mención especial: Asignación extraordinaria de 1000€ sobre o concedido con carácter xeral e o premio correspondente á categoría A.

O importe correspondente aos premios incrementarase do asignado ao desenvolvemento do PFPP do centro por parte do CFR/CAFI correspondente.

#### **Oitavo. Resolución**

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as candidaturas presentadas, emitirá unha resolución provisional dos premios concedidos. Esta resolución provisional poderase consultar no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no seguinte enderezo electrónico: <http://www.edu.xunta.es>. Ademais, comunicaráselles a través do correo electrónico aos centros presentados.

2. A partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional dos premios, abrirase un prazo de cinco días naturais para que se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas. Unha vez revisadas esas alegacións ou reclamacións, a comisión elevará a proposta definitiva de resolución dos premios concedidos ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a súa aprobación. Esta resolución definitiva poderase consultar no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no seguinte enderezo electrónico: <http://www.edu.xunta.es>. Ademais, comunicaráselles a través do correo electrónico aos centros presentados.

3. O prazo para resolver os premios correspondentes ás accións desta resolución será de tres meses, e comezará a contar desde o día seguinte ao da data de remate do prazo de



presentación de candidaturas. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación.

5. No suposto de que non se resolva expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, e sen prexuízo da súa posterior resolución, as solicitudes entenderanse rexeitadas.

#### **Noveno. Difusión dos proxectos**

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos proxectos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos dereitos de edición. Estes materiais difundiránse baixo a licenza «Creative Commons» que sexa *BY-NC-SA* “recoñecemento”-“non comercial”-“compartir igual”.

No caso de que os/as autores/as decidan publicar os traballos premiados por outras vías, deberán solicitar o permiso correspondente á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio concedido.

Os/as autores/as quedarán comprometidos a realizar as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os ficheiros de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis adecuado.

#### **Décimo. Datos de carácter persoal**

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Avaliación do sistema educativo cuxo obxecto é xestionar este procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso,



rectificación, cancelación e oposición poderanxe exercer, ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Edificio Administrativo San Caetano, s/n, Bq. II, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [sxoifp@xunta.es](mailto:sxoifp@xunta.es).

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018



*Manuel Corredor López*

*Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa*



ANEXO I

PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DOS PREMIOS 2017 A PROXECTOS DE FORMACIÓN EN CENTROS.	SOLICITUDE

**DATOS DO CENTRO SOLICITANTE**

CENTRO DOCENTE

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	CÓDIGO DO CENTRO	NIF
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (o/a director/a) (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en derecho)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
------	------------------	-----------------	-----

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Memoria do proxecto de formación no centro, en soporte electrónico, de acordo co especificado no apartado cuarto desta convocatoria.

**COORDINADOR/A DO PROXECTO.**

NOME	1º APELIDO	2º APELIDO	NIF
------	------------	------------	-----

**PROFESORADO INTEGRANTE DO GRUPO**

NOME	1º APELIDO	2º APELIDO	NIF

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE E SELO DO CENTRO**

Lugar e data	, de	de
--------------	------	----



## ANEXO II

Marco de referencia de competencias profesionais docentes da rede de formación permanente do profesorado

COMPETENCIAS DOCENTES	SUBCOMPETENCIAS
Educador/a guía no proceso de ensino-aprendizaxe	1. Programación, seguimiento e avaliación. 2. Didácticas específicas, metodoloxías, TAC e Alfin. 3. Acción titorial e atención á diversidade. 4. Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe.
Membro dunha organización	5. Orientación pedagógica, académica e profesional. 6. Normativa. 7. Organización, planificación, coordinación. 8. Xestión administrativa de centro e calidade. 9. Xestión da participación e implicación en proxectos comúns. 10. Cooperación e colaboración, construcción conxunta de coñecemento. 11. Técnicas de traballo en grupo e distribución de responsabilidades individuais. 12. Centros saudabeis e seguridade integral.
Interlocutor/a e referente na comunidade educativa	13. Habilidades persoais, sociais e relacionais. Estratexias de mellora. 14. Xestión e promoción de valores e convivencia, compromiso persoal e ético. 15. Mediación, resolución de conflitos.
Investigador/a e Innovador/a:	16. Diagnóstico e avaliación da práctica docente. 17. Investigación formativa. TAC. Alfabetización mediática e informacional 18. Responsable da formación permanente: itinerario formativo persoal. 19. Realización e execución de propostas.
Especialista na súa materia	20. Coñecemento na área de Educación 21. Coñecemento nas áreas, materias e módulos curriculares. 22. Xestión do coñecemento existente.
Comunicador/a en linguas maternas e estranxeiras.	23. Destrezas comunicativas verbais e non verbais
Competente en TIC	24. Software. 25. Dispositivos 26. Ferramentas institucionais